



Nº EXPEDIENTE: 2026/SUBDIREC/00021

ASUNTO: OUTORGAMENTO DUNHA ACHEGA ECONÓMICA AO CLUB VOLEIBOL PONTEVEDRA POLA SÚA PARTICIPACIÓN NO CAMPIONATO DE ESPAÑA XUNIOR MASCULINO DE VOLEIBOL 2025/26

RESOLUCIÓN APROBACIÓN SUBVENCIÓN E CONVENIO REGULADOR

Examinado o expediente tramitado para conceder a subvención directa que se sinala no asunto, resultan acreditados os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- O Club voleibol Pontevedra (NIF G36040913) presentou o 29.04.2026 escrito con número de rexistro 2026020790 no que solicita unha axuda económica de tres mil seiscentos trinta euros (3.630,00 €) con motivo da participación na Campionato de España Xunior Masculino de Voleibol 25/26 a disputar na cidade de Almendralejo (Badajoz) do 6 ao 10 de maio de 2026.

2.- Á vista da solicitude que formula a entidade interesada, a Concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía emite unha memoria xustificativa na que dispón, entre outros extremos, o inicio do expediente de outorgamento da subvención solicitada con cargo ao Orzamento Xeral do Concello para o ano 2026.

3.- A subvención obxecto do expediente figura prevista co número de ficha con número de orde 2026/DEP/0001 dentro da area de competencia de deportes do Anexo I do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) para o trienio 2026-2028 aprobado a través do Decreto de Alcaldía núm. 2026000754 de data 05.02.2026, pertencente ao Plan estratéxico de Subvencións do Concello de Pontevedra para os exercicios 2026-2028 e publicado no apartado de transparencia da sede electrónica do Concello de Pontevedra.

4.- Incorpórase ao expediente informe económico sobre estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e informe proposta de aprobación da subvención directa, ambos asinados pola dirección do servizo de deportes.

5.- Consta no expediente informe da Asesoría Xurídica Municipal de data 26.05.2026.

6.- O 11.06.2026 emite informe complementario o xefe de servizo xestor relativo as observacións formuladas polo informe da Asesoría Xurídica e incorpórase ao expediente nova proposta de texto de convenio regulador da subvención.

7.- De conformidade co disposto no artigo 214 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), así como no artigo 58 do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra, e Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, a Intervención Xeral municipal, con data 28.05.25, informa o expediente de conformidade polo que procede continuar a tramitación do mesmo.

8.- O 19.06.2026 a dirección do servizo xestor emite informe sobre as observacións contidas no Informe de fiscalización previa limitada da intervención xeral municipal.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1.- O artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece que o municipio, exercerá en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na materia obxecto da subvención, o que xustifica a utilidade pública e





interese social na concesión da axuda.

2.- O artigo 3 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra dispón que son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

3.- Segundo o artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, poderán concederse forma directa subvencións con carácter excepcional nas que se acrediten razóns de interese público social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, posibilidade que se regula no artigo 19.4.a da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 36 da Ordenanza de subvencións do Concello.

4.- O club voleibol Pontevedra (NIF G36040913) acredita no expediente que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda Municipal, coa ATRIGA, coa AEAT, e coa TXSS, e figura no expediente a documentación xustificativa destes extremos. Ademais, segundo os datos dos que dispón o Servizo a entidade no se atopa incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2. da LXS, e cumpre coas bases que regulan este procedemento, co Regulamento Municipal de Subvencións e coa a Lei Xeral de Subvencións.

5.- Dentro dos obxectivos básicos do goberno local de Pontevedra está o do fomento da actividade deportiva en todas as súas manifestacións, actividade que constitúe un elemento fundamental de desenvolvemento da cidadanía, contribuíndo a súa práctica á mellora das relacións sociais e ao incremento do benestar e da calidade de vida de quen o practica.

A asistencia ao “Campionato de España Xunior Masculino de Voleibol 25/26”, que se disputou en Almendralejo, Badajoz, e para a que solicita a axuda é de grande interese para o Concello de Pontevedra no seu esforzo de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro da nosa cidade que desenvolven a súa actividade no deporte federado non só no plano deportivo ao tratarse dun Campionato de España de voleibol senón tamén no aspecto de promoción da cidade e da súa imaxe no exterior dinamizando activamente o turismo interno.

A relevancia da proba deportiva sinalada, así como as razóns de promoción do deporte de base e da difusión da imaxe da cidade no exterior xustifican a excepcionalidade esixida pola Ordenanza de subvencións do Concello en canto á porcentaxe da subvención a outorgar, propoñéndose que esta poida alcanzar ata o 100% do custe da actividade

Cómpre subliñar que por ser unha actividade extraordinaria e que non pode ser prevista con anterioridade xa que se trata dunha consecuencia dun resultado deportivo, impide a consignación nominativa no Orzamento Municipal dunha aplicación orzamentaria específica con esta finalidade, polo que a tramitación da axuda deberá de encanarse polo procedemento previsto no artigo 36.3 da OXS, tendo en conta a importancia da participación dun equipo pertencente ao noso municipio nun campionato de nivel estatal para a difusión do Concello e para cuxo financiamento resulta indispensable a colaboración municipal.

6.- A competencia para a concesión de subvención directa corresponde á Alcaldía, en función do establecido no artigo 36.3 da Ordenanza xeral de subvencións, no artigo 124.4.n) da Lei 7/1985 e no artigo 13.2.n) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal. A dita competencia delegouse por decreto da Alcaldía de data 07.04.2026 nos/as concelleiros/as de goberno delegados/as de área segundo o seu ámbito funcional, en concreto no caso que nos ocupa, na concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía.

Pola súa banda, a sinatura do convenio corresponderá ao Alcalde, ao abeiro do artigo 124.1 e 4.ñ) da Lei 7/1985, que lle atribúe a máxima representación do municipio e a chamada competencia residual.

Consonte cos fundamentos xurídicos expostos, unha vez informada a existencia de crédito pola Oficina de xestión presupuestaria e contabilidade e informado o expediente de conformidade pola Intervención Xeral municipal,

ACORDA:





Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención directa ao club voleibol Pontevedra (NIF G36040913), para apoiar a súa participación na Campionato de España Xunior Masculino de Voleibol 25/26 por importe de tres mil seiscientos trinta euros (3.630,00 €) celebrado na cidade de Almendralejo (Badajoz) do 6 ao 10 de maio de 2026, nos termos previstos na memoria da concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía e no convenio regulador da axuda.

A achega económica financiará como máximo o 100% do importe do gasto total do programa subvencionado, co límite de tres mil seiscientos trinta euros (3.630,00 €), en base ás especiais razóns de interese público e social motivadas no expediente.

Segundo: Aprobar o gasto polo importe e con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que se indica:

Aplicación	Operación núm.	Importe
2026.05.3410.489.01	12026000036811	3.630,00 €
Total		3.630,00 €

Terceiro.- Aprobar o texto de convenio regulador da subvención redactado por este servizo xestor que se incorpora ao expediente como anexo a presente resolución con CSV. YQA0P9GCYN2HHFNG.

Así o manda e asina a concelleira da concelleira de promoción da igualdade, do benestar, da saúde e da economía e da fe do acto o Secretario da Administración Municipal.

Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

